



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés e M^a del Carmen Acuña do Campo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ao igual que noutros lugares de Galicia e de España, os veciños e veciñas de Moraña amosaron nos últimos meses a súa inqueda pola presenza de tres antenas de telefonía móbil e dun antigo transformador con emprazamento en Santa Lucía, no casco urbano do termo municipal. Segundo as súas indagacións, o número de habitantes desta zona aos que lle foron diagnosticados tumores que afectan a distintas zonas do seu corpo é moi elevado. Nas súas contas inclúense ademais persoas que sofren doenzas doutro tipo, como lupus ou problemas cardiovasculares.

Para pór en coñecemento a súa preocupación por esta situación, algúns morañeses fixeron unha listaxe de veciños e veciñas que faleceron nos últimos anos por cancro. Atopáronse entón con case unha vintena de poboadores mortos a consecuencia de tumores localizados en distintas partes do corpo (sangue, cerebro e mamas entre outros), e que vivían en rúas próximas aos lugares nos que están instaladas as antenas. Trátase, concretamente, de Mos, As Cortiñas, Tolar Añeiras, O Buelo e as rúas número 1, 2, 6 e 3.

No mes de xuño, os veciños e veciñas que se preocuparon pola cuestión enviaron un escrito dirixido á Consellería de Sanidade que foi respaldado por 61 persoas para demandar a redacción dun estudio epidemiolóxico ao respecto. Coa súa petición, remitiron un conxunto de estudos e investigacións, tanto nacionais como internacionais, que ratifican as consecuencias negativas das ondas electromagnéticas sobre o organismo. En todo caso, existen tamén análises que descartan calquera relación entre a emisión das mesmas e a aparición de enfermidades.



Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.- Dispón a Consellería de Sanidade dalgunha análise xeral que reflecta a posible incidencia das ondas electromagnéticas das antenas de telefonía sobre o organismo?

2.- Ten a Xunta de Galicia algún análise ou estudo sobre posibles incidencias de patoloxías asociadas á esta exposición, con maiores indicadores na localidade de Moraña?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
M^a del Carmen Acuña do Campo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 07/02/2008 12:34:56

María del Carmen Acuña do Campo na data 07/02/2008 12:35:02